

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN01	Audioloxía protésica	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0205	Audición e comunicación verbal	2023/2024	0	53	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	REBECA MORALEJO SILVA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Recoñece os compoñentes do aparello fonador que participan na produción da voz, así como a súa función.
RA2 - Describe os elementos estruturais das linguas galega e castelá en relación coas características perceptivas da persoa hipoacúsica.
RA3 - Identifica o proceso normalizado de adquisición da linguaxe falada na poboación infantil con hipoacusia en relación co desenvolvemento normalizado da linguaxe falada.
RA4 - Identifica os sons da fala nas linguas galega e castelá, e determina a importancia de cada un respecto da perda auditiva.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Describiuse a anatomía da larinxe.
CA1.2 Precísáronse os mecanismos da fisioloxía da larinxe.
CA1.3 Describiuse a anatomía e a fisioloxía do aparello fonoarticulatorio.
CA1.4 Descríronse as teorías de produción da voz.
CA1.5 Enumeráronse as características acústicas da voz.
CA1.6 Relacionouse a anatomía do aparello fonoarticulatorio coa produción de voz.
CA2.1 Clasifícanse os elementos estruturais de cada lingua segundo a súa importancia na comunicación da persoa hipoacúsica.
CA2.2 Clasifícanse os sons da fala de cada lingua respecto dos puntos articulatorios e precísáronse os principais déficits de expresión oral en persoas con perda auditiva.

Cráterios de avaliación do currículo

CA2.3 Descríbóronse as características fonolóxicas, fonéticas e de redundancia de cada lingua.

CA2.4 Explicáronse os aspectos lingüísticos relacionados coas formas de expresión oral máis frecuentemente utilizados polas persoas con hipoacusia.

CA2.5 Clasificáronse os niveis da linguaxe.

CA2.6 Enumeráronse as teorías acerca do desenvolvemento da linguaxe.

CA2.7 Explicáronse os aspectos relacionados co bilingüismo galego-castelán.

CA3.1 Definíronse as etapas evolutivas do desenvolvemento da linguaxe en cativos e cativas oíntes.

CA3.2 Considerouse a influencia dos estímulos no desenvolvemento da linguaxe falada.

CA3.3 Relacionouse o inicio da hipoacusia co desenvolvemento da fala en nenos e nenas con hipoacusia.

CA3.4 Identificáronse as implicacións no desenvolvemento da linguaxe falada segundo a idade de diagnóstico e a intervención na hipoacusia.

CA3.5 Descríbóronse as modificacións do desenvolvemento da linguaxe segundo o tipo e o grao de hipoacusia.

CA3.6 Descríbiuse o desenvolvemento cognitivo en cativos e cativas con xordeira.

CA4.1 Explicáronse os principais elementos acústicos que definen a intelixibilidade da lingua falada.

CA4.2 Clasificáronse os sons da fala en función do seu espectro acústico, e determinouse o seu grao de intelixibilidade.

CA4.3 Interpretouse a curva audiométrica e definíronse correctamente os patróns perceptivos da perda auditiva.

CA4.4 Identificáronse factores non patolóxicos e patolóxicos non auditivos que inflúen na avaliación auditiva

CA4.5 Descríbóronse as características do material verbal utilizado na logaudiometría.

CA4.6 Descríbiuse a estrutura acústica dos sons da fala e especificáronse os límites perceptivos nos graos e nos tipos de hipoacusia.

2.2. Segunda parte da proba
2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Recoñece os compoñentes do aparello fonador que participan na produción da voz, así como a súa función.
RA2 - Describe os elementos estruturais das linguas galega e castelá en relación coas características perceptivas da persoa hipoacúsica.
RA3 - Identifica o proceso normalizado de adquisición da linguaxe falada na poboación infantil con hipoacusia en relación co desenvolvemento normalizado da linguaxe falada.
RA4 - Identifica os sons da fala nas linguas galega e castelá, e determina a importancia de cada un respecto da perda auditiva.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Describiuse a anatomía da larinxe.
CA1.2 Precisaróñse os mecanismos da fisioloxía da larinxe.
CA1.3 Describiuse a anatomía e a fisioloxía do aparello fonoarticulatorio.
CA1.4 Describíronse as teorías de produción da voz.
CA1.5 Enumeráronse as características acústicas da voz.
CA1.6 Relacionouse a anatomía do aparello fonoarticulatorio coa produción de voz.
CA2.1 Clasificáronse os elementos estruturais de cada lingua segundo a súa importancia na comunicación da persoa hipoacúsica.
CA2.2 Clasificáronse os sons da fala de cada lingua respecto dos puntos articulatorios e precisáronse os principais déficits de expresión oral en persoas con perda auditiva.
CA2.3 Describíronse as características fonolóxicas, fonéticas e de redundancia de cada lingua.

Crterios de avaliación do currículo

CA2.4 Explicáronse os aspectos lingüísticos relacionados coas formas de expresión oral máis frecuentemente utilizados polas persoas con hipoacusia.

CA2.5 Clasificáronse os niveis da linguaxe.

CA2.6 Enumeráronse as teorías acerca do desenvolvemento da linguaxe.

CA2.7 Explicáronse os aspectos relacionados co bilingüismo galego-castelán.

CA3.1 Definíronse as etapas evolutivas do desenvolvemento da linguaxe en cativos e cativas oíntes.

CA3.2 Considerouse a influencia dos estímulos no desenvolvemento da linguaxe falada.

CA3.3 Relacionouse o inicio da hipoacusia co desenvolvemento da fala en nenos e nenas con hipoacusia.

CA3.4 Identificáronse as implicacións no desenvolvemento da linguaxe falada segundo a idade de diagnóstico e a intervención na hipoacusia.

CA3.5 Descríbironse as modificacións do desenvolvemento da linguaxe segundo o tipo e o grao de hipoacusia.

CA3.6 Descríbiuse o desenvolvemento cognitivo en cativos e cativas con xordeira.

CA4.1 Explicáronse os principais elementos acústicos que definen a intelixibilidade da lingua falada.

CA4.2 Clasificáronse os sons da fala en función do seu espectro acústico, e determinouse o seu grao de intelixibilidade.

CA4.3 Interpretouse a curva audiométrica e definíronse correctamente os patróns perceptivos da perda auditiva.

CA4.4 Identificáronse factores non patolóxicos e patolóxicos non auditivos que inflúen na avaliación auditiva

CA4.5 Descríbironse as características do material verbal utilizado na logaudiometría.

CA4.6 Descríbiuse a estrutura acústica dos sons da fala e especificáronse os límites perceptivos nos graos e nos tipos de hipoacusia.

3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Son mínimos exigibles, todos os CA que figuran marcados na programación e os contidos asociados a eses CA.

Criterios de Cualificación:

A realización das probas de cualificación constarán de dúas partes, unha parte teórica, cualificada cun 50 % e unha parte práctica cun 50 % do total, acadando as persoas que superen ambas partes o 100 % do módulo. Cada unha das partes é eliminatoria; de non superar a primeira parte (cualificación menor a 5 puntos) xa non se poderá acceder a segunda proba. Así, o alumnado matriculado que non supere a primeira parte da proba será cualificado cun cero na segunda parte da proba de xeito automático, ao non poder acceder a persoa aspirante á segunda parte da proba.

A nota final será a media aritmética das dúas nota obtidas.

- Proba Teórica:

Exame tipo test e /ou preguntas curtas, cualificada entre 0-10 puntos.

A primeira parte da proba terá carácter eliminatorio, é necesario acadar un 50% da puntuación posible (5 puntos) para acceder á segunda parte da proba.

- Proba Práctica:

Realización dun suposto práctico ou teórico-práctico, cualificada entre 0-10 puntos. Será preciso acadar unha nota mínima de 5 puntos para poder facer media coa parte teórica e acadar unha avaliación positiva.

- Cualificación Final:

Será a ponderación dun 50% da parte teórica e dun 50% da parte práctica (sempre que acaden un mínimo de 5 puntos en cada parte), expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima.

As persoas que non superen a primeira parte da proba, parte teórica, serán cualificadas cun cero nesta segunda parte práctica. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarselle será de catro puntos.

- A comisión de avaliación poderá excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpra as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas.

- Neste caso, a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

- Así mesmo, as probas que carezcan do nome das persoas que as realiza non serán valoradas nin puntuadas polos membros da comisión.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

A proba teórica terá carácter eliminatorio e consistirá nun exame tipo test e/ou de resposta curta para desenvolver pola persoa aspirante. As preguntas do exame tratarán sobre unha mostra significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

As preguntas poderán versar nalgúns casos sobre láminas, gráficos, fotos ou outras imaxes, impresas na proba ou proxectadas, así como sobre modelos anatómicos ou similares.

Na parte do exame tipo test, cada tres respostas incorrectas descontarase unha correcta.

Esta primeira parte da proba cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

O/a alumno/a deberá asistir á proba co DNI ou pasaporte para a súa identificación e cun bolígrafo azul ou negro para responder ás preguntas do exame. Durante a realización do exame non se permitirá o uso de móbiles nin ningún tipo de dispositivo electrónico. De feito a persoa aspirante só terá a súa disposición aqueles elementos necesarios para a realización da proba ou aqueles que a profesora lles indique como permitidos.

Finalizada esta primeira parte da proba, as comisións de avaliación publicarán a puntuación obtida polas persoas aspirantes na aula virtual do centro.

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda parte, que tamén terá carácter eliminatorio. De non superarse, a nota final non poderá ser máis de catro puntos.

4.b) Segunda parte da proba

Realizarase un suposto práctico ou teórico-práctico que versará sobre unha mostra significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Esta segunda parte da proba poderá cualificarse de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

O/a alumno/a deberá asistir á proba co DNI ou pasaporte para a súa identificación e cun bolígrafo azul ou negro para responder ás preguntas do exame. Durante a realización do exame non se permitirá o uso de móbiles nin ningún tipo de dispositivo electrónico. De feito a persoa aspirante só terá a súa disposición aqueles elementos necesarios para a realización da proba ou aqueles que a profesora lles indique como



permitidos.

Finalizada esta segunda parte da proba, as comisións de avaliación publicarán a puntuación obtida polas persoas aspirantes na aula virtual do centro.